



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA PIZARRA PARA DESENVOLVER NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS A ESTABLECER ESPAZOS DE INTERESE TURÍSTICO INDUSTRIAL EN ZONAS RELEVANTES ORIXINADAS POLA ACTIVIDADE MINEIRA DA LOUSA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Fundación Centro Tecnolóxico da Pizarra (FCTP) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Fundación Centro Tecnolóxico da Pizarra para levar a cabo durante o ano 2022 a elaboración dun estudo destinado a definir zonas relevantes orixinadas pola actividade mineira da lousa co obxecto de desenvolver actuacións encamiñadas a establecer espazos de interese turístico industrial, en concreto as actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

1ª Fase: Elaboración dun inventario e de documentación. Identificación e documentación das diferentes vías, canalizacións e diferentes masas de agua existentes, construcións abandonadas e diversas zonas de almacenamento que se atopan dispersas pola zona.

2ª Fase: Elaboración dun proxecto. Realizarase un proxecto na canteira "Tres Cuñados" que axudará a definir espazos nos que se mostre a historia da lousa de cara a dignificar esta zona e converter estas zonas en espazos desexables para lecer.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito





público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, configura esta (actualmente, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, en diante VCEII) como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

A FCTP ten como obxecto principal destinar e afectar ao seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial a que a súa denominación e fins se contraen, e sendo en xeral fins desta fundación o apoio ao sector mineiro de Galicia, e en particular ao sector da lousa, mediante o desenvolvemento da investigación tecnolóxica de procesos e produtos e o seu control de calidade, co fin de fomentar a actividade, mellorando o rendemento das explotacións situadas en Galicia, de mellorar a súa competitividade e promocionar a súa comercialización, a FCTP constitúe a entidade idónea para levar a cabo as actuacións que son obxecto deste convenio que se pretenden que sexa de utilidade cara a consecución de establecer espazos de interese turístico industrial naqueles espazos que estiveron destinados á actividade mineira extractiva da lousa.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da VPCEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)** con cargo a aplicación orzamentaria **06.02.734A-780.5** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital
O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

